Moira
e a Ciencia

Bruno e O Manto de Estrelas

Sonia Martínez

Ilustracións de **Yolanda Falagán**

1ª Edición: Xuño 2009

© 2009 Sonia Martínez (texto)

© 2009 Yolanda Falagán (ilustracións)

© 2009 BAÍA Edicións

Polígono de Pocomaco, 2ª Avda.
Parcela G18 - Nave posterior
15190 A Coruña
Tel.: 981 174 296
Fax: 981 915 698
www.baiaedicions.net

Distribución:
Consorcio Editorial Galego
pedimentos@coegal.com

Edita: BAÍA Edicións

Impresión: Galigraf Galicia, A Coruña

ISBN: 978-84-92630-20-2

Depósito Legal: C 1723-2009

Reservados todos os dereitos. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei. Diríxase a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos, www.cedro.org), se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

Bruno e O Manto de Estrelas

Estaban celebrando a súa festa de aniversario. Bruno necesitou dous sopridos para apagar as oito chamas que escintilaban sobre o pastel que preparara súa nai.

F E L i c i

Coas bocas aínda cheas de doce, Bruno, os seus curmáns Vero e Dani e o seu veciño Dimitar subiron correndo ao cuarto da claraboia, no faiado, a seguir xogando a monstros e pantasmas.

Os nenos metíanse na habitación coa luz apagada, a porta pechada e, así, nun illamento que non duraba máis de quince segundos, esperaban a que saísen do armario, do baúl ou de debaixo da cama as criaturas estrañas. Polos berros que se escoitaban debían saír a moreas. O xogo inventárao Dimitar.

Bruno coñecera a Dimitar durante o verán na praza á que baixaban a xogar. Ao contrario que Bruno, alto, rubio e de pel esbrancuxada, Dimitar era baixiño, e a súa cute e o seu pelo eran moi escuros.



Мне нравится смеяться

ya tebya lyublyu!

Dorogaya ty ochen krasivaya

Ha, ha

ha, ha, ha, ha

Falaba nun idioma comprensible, pero ás veces, cando se enfadaba vociferaba unhas palabras moi raras que só comprendían a súa nai Galabina e o seu pai Vladimir, a quen Bruno oíra falar así cando visitara a casa de Dimitar.